

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

Curso 2018/2019

Aprobado na Xunta de Facultade de 24/7/2018

0. INTRODUCCIÓN

Co fin de adaptar a cultura de titorización do profesorado da Universidade da Coruña á filosofía e obxectivos neste campo marcados para o Espazo Europeo de Educación Superior, a *Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías* desta universidade galega implementou para o efecto un novo ámbito de titorización universitaria por medio do Plan de Acción Titorial (PAT).

Do punto de vista do profesorado, o PAT ten como principal obxectivo mellorar a calidade formativa do proceso de titorización, contribuíndo así para a formación integral do persoal docente tamén neste ámbito. Xa do punto de vista do alumnado, o PAT ofrece a cada estudante o apoio e o acompañamento académico dun/dunha profesor/a de referencia no centro en que estuda durante toda a súa traxectoria formativa na universidade.

Para os efectos de se integrar nas dinámicas de funcionamento de cada centro, cada unha das Facultades e Escolas da Universidade da Coruña deseñou un plano de acción titorial específico de acordo tanto coas súas características académicas e organizativas como co perfil do seu alumnado. Este proxecto de centro está, en todo o caso, integrado no Plano de Acción Titorial do conxunto da Universidade da Coruña, descrito na web do *Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)* da Universidade da Coruña (<http://www.udc.gal/cufie/PAT/>).

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia		Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas		Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións			Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==			



1. CONTEXTUALIZACIÓN

A Facultade de Filoloxía comezou a implantación do **Plan de Acción Titorial** (PAT) no curso 2007/2008; naquela altura o PAT estaba dirixido ao alumnado de primeiro das tres titulacións que se impartían no centro nese curso (Licenciatura en Filoloxía Galega, Licenciatura en Filoloxía Hispánica e Licenciatura en Filoloxía Inglesa) e destinado tamén a todo o alumnado do *Mestrado Oficial en Lingua e Usos Profesionais*. A coordinación do PAT do centro recaeu sempre na Decana da altura, Teresa López, e na Persoa Responsábel de Calidade e Convergencia (PRCC) nomeada en cada momento: a profesora Mercedes Regueiro Diehl durante o curso 2007/2008, a profesora María José Caamaño Rojo durante os cursos 2008-2011 e o profesor Roberto López-Iglesias Samartín (como PRCC desde outubro de 2011 e como vicedecano de calidade de xuño de 2012 a abril de 2013). Entre abril de 2013 e maio de 2014, o labor de coordinación do PAT foi asumido por Xoán López Viñas como vicedecano de Calidade. De xuño de 2014 a xuño de 2017 é Carlos Caetano Vizcaíno Fernández quen asume esta función como vicedecano de Calidade. Desde xullo de 2017 Xoán López Viñas desempeña de novo a coordinación do PAT do centro.

O proceso de implementación do PAT na Facultade de Filoloxía iniciouse nese ano 2007 co envolvimento do profesorado que impartía aulas en primeiro curso. Desde entón, o PAT da Facultade de Filoloxía atendeu progresivamente cada curso a un maior número de alumnos e alumnas, xa que ao lado do acompañamento daqueles estudantes das licenciaturas que participaron no PAT por vez primeira nese curso 2007/2008, foi atribuído un/unha titor/a a todo o alumnado de novo ingreso, ben nas **licenciaturas** referidas (sen docencia nin atribución de titor/a no PAT xa neste ano académico) ou ben nos tres novos **graos** implementados desde o curso 2009/2010 na Facultade: *Grao en Galego e Portugués, en Inglés e en Español. Estudos lingüísticos e literarios*.

Desde o curso 2009/2010 o Plan de Acción Titorial tamén se estendeu ao **estudantado matriculado nos mestrados** da Facultade, tanto os extintos *Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións* como o *Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais*. Desde o curso 2011/2012, como os vixentes *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* (MEIAA), *Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada* (MILA) e *Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade* (MLCD).

Por tanto, cada estudante matriculado na Facultade de Filoloxía desde o ano 2007 foi ou está a ser acompañado durante toda a súa traxectoria académica por unha persoa responsábel da súa titorización e que, en consecuencia, no curso 2010/2011 finalizou os seus estudos a primeira promoción de estudantes que foron atendidos polo Plan de Acción Titorial ao longo de todo o seu percurso na Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia		Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas		Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións			Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==			



Outrosí, desde decembro de 2014 a Facultade conta con **titores e titoras de intercambio para o alumnado saínte e entrante**, de maneira que toda a orientación relativa á mobilidade internacional está especialmente atendida.

Neste sentido, o centro tamén desenvolve funcións de **titorización para o alumnado entrante do convenio bilateral** da UDC co College of The Holy Cross de Worcester (Massachusetts) a través do director académico do programa no centro, o vicedecano Félix Córdoba Rodríguez.

Por outra parte, no pasado curso 2017/2018 o PAT da Facultade de Filoloxía complementouse co *Programa de mentoría do alumnado*, no cal participaron varios estudantes mentores dos últimos cursos dos graos da facultade que colaboraron nas tarefas de orientación ao estudantado do primeiro curso. Deste modo, para este curso 2018/2019 tamén se continuará coa colaboración do alumnado mentor.

Así mesmo, no curso anterior deuse acollida ao *Programa de mentorización de estudantes entrantes con necesidades lingüísticas*, organizado pola Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, de modo que a nosa facultade seguirá participando no caso de este programa se ofertar novamente. Este alumnado estranxeiro é apoiado e orientado por alumnado da nosa facultade seleccionado de entre as persoas candidatas á bolsa para a mentorización internacional.

De acordo coa **listaxe de titulacións** embaixo, para o curso 2018/2019 a totalidade do alumnado da Facultade terá atribuída unha persoa responsábel pola súa titorización:

1. Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios (de 1.º a 4.º curso)
2. Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios (de 1.º a 4.º curso)
3. Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios (de 1.º a 4.º curso)
4. Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (alumnado matriculado na UDC)
5. Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (alumnado matriculado na UDC)
6. Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade
7. Simultaneidade do Grao en Español e Grao en Galego e Portugués
8. Simultaneidade do Grao en Inglés e Grao en Español
9. Simultaneidade do Grao en Inglés e Grao en Galego e Portugués

2. ANÁLISE DE NECESIDADES

No modelo que viñamos aplicando na Facultade, o profesorado titor tiña sempre docencia no primeiro ano para facilitar así o contacto co alumnado de novo ingreso. Agora, cada profesor/a titoriza os/as estudantes atribuídos/as ao longo de toda a súa traxectoria académica (o que significa de regra catro anos), polo cal a asignación de novo

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		



alumnado de novo ingreso a estes titores levaría consigo unha acumulación progresiva de titorandos nun número relativamente reducido de orientadores, pois o profesorado que asume a docencia das materias de primeiro curso non acostuma variar cada ano.

Para poder atender o elevado número de alumnos e alumnas e distribuílos de maneira relativamente equitativa entre todo o profesorado que participa no programa foi preciso, entón, envolver no PAT profesores e profesoras con docencia noutros cursos como titores/as de estudantes de novo ingreso. A eventual falta de contacto por medio da docencia entre estes/as titores/as e o alumnado titorizado ao cal non dá aulas en primeiro ano fica compensada en anos posteriores, xa que a maioría do profesorado titor será docente dos/das seus/súas orientandos/as nalgún momento do percurso formativo no centro destes estudantes.

Pola súa banda, o alumnado mentor escóllese entre o estudantado dos últimos cursos do Grao (3.º e 4.º) ofertados no centro que se presenten de xeito voluntario para participar no programa. Os/As estudantes mentores deberán coordinarse co coordinador do PAT e a decana da Facultade de Filoloxía.

3. OBXECTIVOS

Os **obxectivos** propostos no PAT da Facultade de Filoloxía durante o curso 2018/2019 non varían a respecto dos anos anteriores e son os seguintes:

1. Orientar e guiar ao estudantado na súa traxectoria académica
 - 1.1. Informar sobre a estrutura organizativa da universidade, o centro, a titulación...
 - 1.2. Aconsellar sobre itinerarios formativos
 - 1.3. Colaborar na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe
 - 1.4. Orientar na metodoloxía de estudo e técnicas de traballo
 - 1.5. Orientar sobre as posibilidades de mobilidade
 - 1.6. Orientar sobre os posíbeis proxectos profesionais ou investigadores
2. Identificar, a través do seguimento personalizado do estudantado, as propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade, así como reflexionar sobre elas
3. Fomentar a cultura titorial no ámbito universitario

4. CONTIDOS

Para alén de todas as actividades de titorización propias e específicas do plano, o PAT da Facultade de Filoloxía envolve tamén unha serie de accións organizadas no ámbito da Facultade, quer pola dirección do centro quer pola Comisión de Extensión Universitaria ou quer pola Comisión de Normalización Lingüística.

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:35:42 26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		



Con carácter estábel, a Facultade de Filoloxía organiza anualmente as seguintes **accións de orientación** dirixidas ao seu alumnado:

- Semana de Acollida do alumnado de novo ingreso
- Xornadas de Acollida para o alumnado entrante de mobilidade internacional
- Xornada de Orientación Laboral
- Xornada informativa sobre Mobilidade Erasmus
- Xornadas de portas abertas (dirixidas ao alumnado de bacharelato de varios centros de ensino secundario da área metropolitana da Coruña)
- Xornada informativa sobre prácticas profesionais

5. RECURSOS

Neste curso **2018/2019** participan no PAT da Facultade de Filoloxía un total de 45 profesores/as para as titulacións de grao e mestrado:

- | | |
|--------------------------------------|---------------------------------------|
| 1. Esperanza Acín Villa | 24. Teresa López Fernández |
| 2. Margarita Alonso Ramos | 25. Xoán López Viñas |
| 3. Celso Álvarez Cáccamo | 26. María Jesús Lorenzo Modia |
| 4. Eduardo Barros Grela | 27. Cilla Lourenzo Modia |
| 5. María Jesús Cabarcos Traseira | 28. Isaac Lourido Hermida |
| 6. David Clark Mitchell | 29. Esperanza Morales López |
| 7. Félix Córdoba Rodríguez | 30. Isabel Moskovic-Spiegel Fandiño |
| 8. Begoña Crespo García | 31. José Ignacio Pérez Pascual |
| 9. Leticia Eirín García | 32. Mercedes Regueiro Diehl |
| 10. José Manuel Estévez Saá | 33. Roberto Samartín López-Iglesias |
| 11. Encina Fernández Berrocal | 34. Dolores Sánchez Palomino |
| 12. Manuel Fernández Ferreiro | 35. Xosé Manuel Sánchez Rei |
| 13. Carme Fernández-Pérez San Julián | 36. Begoña Simal González |
| 14. Manuel Ferreiro Fernández | 37. Laura Tato Fontaiña |
| 15. Alan Floyd Moore | 38. Cleofé Tato García |
| 16. Xosé Ramón Freixeiro Mato | 39. Emiliana Tucci |
| 17. María Frías Rudolphi | 40. Eva Valcárcel López |
| 18. Marcos García González | 41. Gema Vallín Blanco |
| 19. Luis González García | 42. Nancy Vázquez Veiga |
| 20. Fernando González Muñoz | 43. Ana Veleiro Pérez |
| 21. Emma Lezcano González | 44. Carlos Caetano Vizcaíno Fernández |
| 22. José Liste Noya | 45. Elizabeth Woodward Smith |
| 23. Fidel López Criado | |

A respecto do pasado ano, neste curso académico reincorpóranse María Jesús Cabarcos Traseira, por licenza sabática, e Roberto Samartim, por permiso de paternidade; así mesmo, adhírense ao PAT Celso Álvarez Cáccamo como novo titor de alumnado de

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBI502EVTsgb0qQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia		Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas		Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións			Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBI502EVTsgb0qQ==			



graio, xa incorporado no medio do curso pasado para o PAT do Mestrado en Lingüística, e Isaac Lourido Hermida. Por outra parte, no próximo curso Esperanza Morales López e Carolina Núñez Puente teñen concedida unha licenza sabática, as cales -tras seren consultadas sobre a súa preferencia no que atinxe ao alumnado titorizado desde cursos anteriores-, deciden respectivamente continuar titorizando virtualmente o alumnado atribuído en anos anteriores e ceder temporalmente a titorización ao coordinador do PAT.

Para alén das tarefas propias da coordinación xeral do grupo de titores/as, o **Coordinador do PAT da Facultade** é responsábel por:

- Organizar a distribución de alumnado entre o profesorado titor.
- Acompañar todos os procesos relacionados co PAT do centro e asistir a aquelas reunións coa coordinación do PAT da UDC a que for convocado.
- Facer visíbel o PAT para profesorado e alumnado por medio de mensaxes de correo electrónico, a través da web do centro, de desdobreis informativos e de todo tipo ou medio de información habilitada para o efecto.
- Canalizar a información necesaria para a titorización.
- Achegar ao profesorado titor información sobre a formación ofertada pola UDC necesaria para o labor titorial.
- Canalizar e xestionar as necesidades e eventuais problemas detectados, así como posíbeis alternativas de solución.
- Convocar e moderar a reunión de avaliación final do PAT do centro.
- Redixir a memoria avaliativa final e o proxecto de PAT do centro.
- Comunicar á vicerreitoría a listaxe de titores/as que acompañaron con éxito o PAT aos efectos da correspondente certificación.

Pola súa parte, é función dos **Titores e Titoras**:

- Axudar ao alumnado titorizado a deseñar a súa traxectoria curricular, atender as súas dúbidas e necesidades e orientalos ao longo do seu percurso formativo na Facultade.
- Convocar en tempo e forma as reunións grupais co seu alumnado, tendo especial coidado na elección de día e hora para que sexa compatíbel co horario dos/das estudantes.
- Estabelecer co alumnado titorizado unha vía de contacto permanente (por e-mail, por exemplo) e solicitarlles os datos xulgados necesarios para o desenvolvemento do labor titorial.
- Achegar ao alumnado titorizado a información sobre actividades e propostas realizadas desde a Coordinación do PAT do centro.

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		



- Orientar o alumnado de últimos cursos respecto á súa inserción no mundo laboral ou académico e ás súas posibilidades e saídas de futuro unha vez finalizada a súa formación no centro.
- Facer un acompañamento do proceso de titorización do alumnado que inclúe unha avaliación final por alumno/a e grupo.
- Comunicar ao coordinador do PAT do centro as deficiencias detectadas nos procesos de ensino-aprendizaxe e avaliación.
- Detectar as necesidades e eventuais problemas do centro e da titulación en relación ao PAT e comunicalas ao coordinador PAT da Facultade.
- Asistir ás convocatorias que faga o coordinador do PAT do centro.
- Asistir ás reunións de coordinación de titores/as convocadas polo coordinador do PAT do centro.
- Asistir, no posíbel, a cursos e actividades de formación en acción titorial organizados polo centro ou pola Universidade.

6. MODELO ORGANIZATIVO

A asignación de titores/as ao alumnado de primeiro ano é levada a cabo, de maneira aleatoria e equitativa, pola coordinación do PAT do centro. O/a docente titor/a asignado/a a cada estudante nese momento non está suxeito á escolla do alumnado e a atribución inicial só pode ser alterada no caso de que o profesor/a titor/a cause baixa do programa.

O estudantado de primeiro é informado da existencia e da natureza do PAT na Xornada de Acollida, altura en que coñece o/a titor/a atribuído/a e ten con el/ela a primeira reunión grupal. Previamente, todo o profesorado titor recibe un correo electrónico do coordinador do PAT do centro con toda a información pertinente para o desenvolvemento do seu labor de atendimento (asignación de estudantes, cronograma de actuacións, cuestionarios, fichas de seguimento...) tanto en relación a estes/as estudantes de primeiro ano como aos seus titorandos e titorandas de anos pasados.

A planificación xeral ao longo do curso marca por defecto tres entrevistas grupais que o profesorado ofrece aos/ás estudantes. Estes encontros terán carácter voluntario para o alumnado, pois nas directrices do PAT da UDC recóllese literalmente que co PAT “en ningún caso queremos levar os universitarios da man, xa que pola idade que teñen deben tomar as súas propias decisións: perseguimos, pola contra, obter persoas cada vez máis autónomas e emprendedoras, así como unha universidade de maior calidade. O/A titor/a non debe perseguir os/as alumnos/as que non acoden á titoría, nin necesita coñecer toda a información académica ou administrativa (...)”. Se for preciso, o/a titor/a programará entrevistas individuais sen límite e á demanda do alumnado titorizado. O


Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	7/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		



dossier enviado ao profesorado titor inclúe un cronograma orientativo coas datas das entrevistas e os seus posibles contidos.

Polo que se refire ao alumnado mentor, prevese unha reunión inicial de presentación e outra final de avaliación entre o coordinador do PAT e o alumnado candidatado. Pola súa parte, no caso de continuar a mentorización internacional, prevense dúas reunións no inicio de cada cuadrimestre entre a coordinadora da vicedecana de relacións internacionais e o estudantado candidatado, para alén da emisión dun informe mensual sobre as actuacións realizadas.

O esquema de responsabilidade do PAT da Facultade de Filoloxía neste ano académico 2018/2019 é o seguinte:



Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBis02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBis02EVTsgb0qQ==		



7. CRONOGRAMA

Período	Acción	Responsábel
Durante todo o curso	Información ao alumnado a través de correo electrónico e, baixo demanda, tamén por medio de atendimento presencial e individual	Coordinador e Titores/as
Setembro	Captación de alumnado mentor	Coordinador / Decana
Setembro	Distribución e atribución do alumnado a titores/as	Coordinador
	Xornadas de acollida para alumnado de novo ingreso	Decana / Equipo Decanal
	Xornadas de acollida do alumnado entrante de mobilidade	Coordinadora de mobilidade do centro
	Xornadas de acollida para alumnado entrante polo convenio bilateral co The College of The Holy Cross	Director académico do programa bilateral
	Primeira titoría en grupo	Titores/as
Set/Out/Nov	Distribución e atribución do alumnado matriculado <i>a posteriori</i> a titores/as	Coordinador
	Captación e primeira reunión co estudantado mentor internacional	Equipo decanal
Out/Nov/Dec	Xornada informativa sobre prácticas profesionais	Decana / Equipo Decanal
	I Xornadas de Orientación Laboral	Decana / Equipo Decanal
Xaneiro/Febreiro	Xornada Mobilidade Erasmus (alumnado saínte)	Decana/ Equipo Decanal / Coordinadores de títulos
Febreiro	Segunda titoría en grupo	Titores/as
	Captación e primeira reunión co estudantado mentor internacional	Equipo decanal
Marzo/Abril	Acompañamento do Programa "Visita o Campus da Coruña" (para alumnado de bacharelato)	Decana / Equipo Decanal
Abril	Xornadas de portas abertas (para alumnado de bacharelato)	Decana / Equipo Decanal
Abril/Maio	II Xornadas de Orientación Laboral	Decana / Equipo Decanal
Xuño	Terceira reunión en grupo	Titores/as

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBis02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBis02EVTsgb0qQ==		



Xuño	Reunión de avaliación do PAT do centro	Coordinador e Titores/as
Xuño/Xullo	Envío da documentación relativa á avaliación para a coordinación do PAT da UDC	Coordinador

8. AVALIACIÓN

A avaliación xeral do PAT da Facultade de Filoloxía, tanto para os/as estudantes como para os titores e titoras, ten lugar no fin do curso académico de maneira presencial e atende aqueles ítems contemplados na “Memoria Final do PAT na Titulación” (accesíbel en <http://www.udc.es/cufie/ufa/patt/documentos.html>). Esta avaliación consta da información tirada da última reunión grupal mantida entre o titor e o seu alumnado, dos datos que eventualmente poida disponibilizar a coordinación do PAT da UDC relativos ás avaliacións individuais de alumnado e profesorado titor do centro, e das conclusións e propostas de mellora colocadas na reunión avaliativa final do PAT da Facultade.

A información obtida nesta reunión avaliativa final realizada en xuño entre o conxunto do profesorado titor do centro e o coordinador do PAT será incorporada na memoria final, que deberá ser enviada para os responsábeis do PAT da Universidade da Coruña nos modelos e prazos marcados.

Asdo. Xoán López Viñas
Coordinador PAT Filoloxía

V. e pr. María Jesús Lorenzo Modia
Decana da Facultade de Filoloxía

Código Seguro De Verificación	iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Lorenzo Modia	Asinado	26/10/2018 14:35:42
	Xoán Luís López Viñas	Asinado	26/10/2018 14:02:59
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iSyzIAdmBIs02EVTsgb0qQ==		

